

Anuncio do 11 de outubro de 2021 da Secretaria do Tribunal Cualificador do proceso selectivo convocado para prover 1 praza na categoría de “persoal administrativo do OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO TERRAS DE AGUIAR ANO 2021”, do Concello do Pereiro de Aguiar polo que se publican as puntuacións correspondentes á entrevista persoal.

O Tribunal cualificador do proceso selectivo citado, na súa sesión celebrada o día 8 de outubro de 2021, adoptou o seguinte

#### ACORDO

“Nas instalacións do Auditorio do Centro de Día dos Gozos, na Derrasa – O Pereiro de Aguiar, sendo as 10:15 horas do día 8 de outubro de 2021, procédese á constitución do Tribunal que vulgará os exercicios das probas selectivas para a provisión **dunha (1) praza de persoal administrativo** do Obradoiro Dual de Emprego Terras de Aguiar ano 2021, cuxas bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria realizada o día 17 de setembro de 2021, e posteriormente publicadas, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data do 23 de setembro de 2021, e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego de Ourense – A Ponte

A relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as, así como a sinalización do lugar e data para a constitución do Tribunal e a realización da entrevista persoal publicouse na páxina Web e Taboleiro de Anuncios do Concello en data do 8 de outubro de 2021.

Estando presentes os membros do Tribunal que se relacionan, coa ausencia por causa xustificada do vocal designado como titular, e unha vez advertida a existencia de quórum, queda constituído na seguinte forma:

**Presidente:** José Antonio Cerdeira Pérez, Secretario – Interventor do Concello do Pereiro de Aguiar.

**Secretaria:** Yajaira Lage Blanco, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.

**Vogais:** Concepción Bolaño Nóvoa, técnico de xestión do Concello do Pereiro de Aguiar.

Marina Sara González Soto, asesora xurídica en Asuntos de Urbanismo e Demais Servizos Municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.

A entrevista persoal ten como finalidade determinar as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo de que se trate.

A entrevista non será eliminatoria e corresponderalle unha puntuación de 4 puntos.

Non se producen intervencións e por unanimidade o Tribunal acorda proceder do xeito que propuxo a Presidencia.

**Primeiro.-** Comprobado que as persoas candidatas cumpren cos requisitos de acceso ao proceso de selección, ás 10:20 procédese ao chamamento e á realización da entrevista persoal das candidatas que a continuación se sinalan:

Nº DE ORDE	APELIDOS E E NOME	DNI
1	CID NOVOA LORENA	45594210
2	QUINTANA ESPINOSA NOELIA	45923510

**Segundo.-** Non se presenta a candidata D<sup>a</sup>. Lorena Cid Nóvoa, co DNI 45594210.



*Terceiro.-* Realizada a entrevista persoal, resulta o seguinte:

<i>APELIDOS E E NOME</i>	<i>DNI</i>	<i>ENTREVISTA PERSOAL (máx. 4 puntos)</i>
<i>QUINTANA ESPINOSA NOELIA</i>	<i>44792353A</i>	<i>4</i>

*Cuarto.-* O Tribunal cualificador acorda que esta acta se faga pública mediante anuncio na páxina web do Concello e no Taboleiro de anuncios.

*Quinto.-* O Tribunal cualificador acorda reunirse de novo o próximo día 11.10.2021 ás 11:30 horas, no Salón de Plenos da Casa do Concello do Pereiro de Aguiar, para a puntuación da valoración dos méritos e puntuación final da praza de persoal administrativo do Obradoiro Dual de Emprego Terras de Aguiar ano 2021, xunto coa relación das aspirantes por orde de prelación para a súa contratación e a proposta de contratación da aspirante que obtivese maior puntuación

*E para que así conste e produza os efectos legais oportunos, levántase Acta ás 10:30 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por tódolos membros do Tribunal Cualificador, de cuxo acto esta secretaria certifico."*

O que se fai público para xeral coñecemento.

O Pereiro de Aguiar, a 11 de outubro de 2021. A secretaria do tribunal cualificador, Yajaira Lage Blanco.

